



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO
DE SAN CAETANO O DÍA 7 DE SETEMBRO DE 2006,
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.
EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

PROXECTOS DE LEI

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Proxecto de Lei polo que se modifica a Lei 2/2000, do 21 de decembro, polo que se crea a escala de axentes facultativos medio ambientais da Xunta de Galicia

DECRETOS

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

- Decreto polo que se crea o centro residencial de atención a persoas maiores de Larouco (Ourense)

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se modifica parcialmente o Decreto 325/2003, do 18 de xullo, polo que se autorizan e regulan os centros integrados de formación profesional na Comunidade Autónoma de Galicia

CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

- Decreto polo que se delimita o contorno de protección do Mosteiro de Santa María da Armenteira, no concello de Meis, provincia de Pontevedra

CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

- Decreto de rehabilitación e renovación de calidade de vivendas no medio rural e en conxuntos históricos de Galicia



ACORDOS

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a Federación de Asociacións de Familiares e Enfermos Mentais de Galicia (Feafes-Galicia), para o Programa de fomento das actividades da vida diaria e da atención social a domicilio no medio rural para persoas dependentes con trastorno mental grave

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre o Ministerio do Interior e a Xunta de Galicia, en materia de seguridade dos edificios xudiciais da Administración de Xustiza en Galicia.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

- Acordo polo que se autoriza o convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), as sociedades de garantía recíproca e as entidades financeiras adheridas, para a habilitación dunha liña de financiamento específica para proxectos de innovación na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Acordo polo que se autoriza o convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) e as entidades de crédito para o apoio financeiro aos investimentos das empresas de Galicia financiados mediante a liña de innovación tecnoloxía ICO-CDTI.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, e o Concello do Carballiño, para realizar as obras de urbanización e pavimentación do contorno do templo de Veracruz

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde (Sergas) e a Asociación Española contra o Cancro en Galicia para o desenvolvemento e impulso de



actividades de promoción da vida sen tabaco e de tratamento a fumadores polo importe de 192.258 euros.

- Acordo polo que se autoriza a sinatura da 4ª addenda ao contrato programa suscrito polo Servizo Galego de Saúde e a Sociedade Pública Autónoma Medtec, S.A con data do 1 de agosto de 2004 pola que se actualiza o contido dos módulos I,II e III do contrato-programa para o período do 1 de xaneiro de 2006 ao 31 de decembro de 2006, por un importe de seiscentos mil euros (600.000 €)

INFORMES

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia da Memoria de Actividades do Consello Consultivo de Galicia, correspondente ao ano 2005, segundo o establecido no artigo 14 da Lei 9/1995, do 10 de novembro, do Consello Consultivo de Galicia

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

- Informe sobre o marco estratéxico de converxencia económica de Galicia 2007-2013 (Mecega)

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Informe do río Umia

CONSELLERÍA DE TRABALLO

- Informe sobre a evolución do emprego no último ano (Setembro 2005-Agosto 2006)



APROBADO O PROXECTO DE LEI POLO QUE SE MODIFICA O ACCESO Á ESCALA DE AXENTES FACULTATIVOS MEDIOAMBIENTAIS

O Consello da Xunta de Galicia na reunión de hoxe aprobou o proxecto de lei polo que se modifica a Lei de creación da escala de axentes facultativos medioambientais da Xunta de Galicia. Como consecuencia, quedan modificados os requisitos para acceder a esta escala por promoción interna.

A novidade principal desta modificación é a convocatoria por parte da Xunta de Galicia de procesos selectivos de promoción interna para acceder á escala de axentes facultativos medioambientais. Segundo concreta o proxecto de lei aprobado hoxe, o Goberno autonómico poderá convocar ata un máximo de dous procesos selectivos antes do 1 de xullo de 2009.

O proxecto tamén establece que o curso específico de formación para integrarse na escala de axentes facultativos medioambientais, destinado a funcionarios da escala de axentes forestais do corpo de auxiliares técnicos, estará homologado e impartido directamente por persoal cualificado das administracións públicas. O documento especifica que se computarán como servizos na escala os desenvolvidos en calidade de persoal interino na Xunta de Galicia en postos reservados á escala de axentes forestais.

A última modificación despréndese da promulgación da Lei galega para a igualdade de mulleres e homes aprobada en 2004 para fomentar a igualdade de oportunidades entre sexos en sectores con baixa representación feminina. Segundo o aprobado hoxe, de existir méritos iguais entre dous ou máis candidatos serán admitidas as mulleres salvo que, considerando obxectivamente todas as circunstancias concorrentes nos aspirantes de ambos sexos, existisen motivos non discriminatorios para preferir o varón. Entre os méritos dos que se presenten ás probas de promoción interna valorarase que estean utilizando ou utilizasen nos últimos cinco anos unha licenza de maternidade, un permiso de paternidade, unha redución de xornada ou unha excedencia para o coidado de familiares.



MODIFICADO O DECRETO POLO QUE SE REGULAN OS CENTROS INTEGRADOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL NA COMUNIDADE GALEGA

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se modifica o Decreto 325/2003, do 18 de xullo, polo que se autorizan e regulan os centros integrados de formación profesional na Comunidade Autónoma de Galicia. A publicación do Real decreto 1558/2005, do 23 de decembro, polo que se regulan os requisitos básicos dos centros integrados de formación profesional fai necesaria a modificación parcial do devandito decreto para a súa progresiva adaptación ao novo marco normativo.

Así, o artigo 2º do Decreto 325/2003, do 18 de xullo, queda redactado nos seguintes termos, establecendo que terán consideración de centros integrados de formación profesional na comunidade galega aqueles centros que impartan todas as ofertas formativas referidas ao Catálogo nacional das cualificacións profesionais que conduzan a títulos de formación profesional e certificados de profesionalidade. Ademais, este artigo recolle que os centros integrados de formación profesional incluírán nas súas accións formativas as ensinanzas propias da formación profesional inicial, as accións de inserción e reinserción laboral dos traballadores e as de formación permanente dirixidas á poboación traballadora ocupada.

No mesmo senso, o artigo 2º establece que, ademais das ofertas formativas propias das familias ou áreas profesionais que teñan autorizadas, os centros integrados incorporarán o servizo de información e orientación laboral, así como, se é o caso, o de avaliación das competencias adquiridas a través doutras aprendizaxes non formais e da experiencia laboral, no marco do Sistema nacional de cualificacións e da formación profesional. Neste artigo tamén se sinala que mentres no se desenvolva o Catálogo nacional das cualificacións profesionais, a oferta formativa dos centros integrados de formación profesional terá como base os ciclos formativos e certificados de profesionalidade vixentes, sen prexuízo de poder ofertar con carácter experimental outras actividades relacionadas coas cualificacións de mercado carácter estratéxico para a economía galega.

Do mesmo xeito, o decreto aprobado hoxe modifica o punto 1 do artigo 5º do Decreto 325/2003, do 18 de xullo, que regula a autorización con carácter experimental dos centros integrados de formación profesional. Así, establécese que o centro será autorizado polo Goberno da Xunta de Galicia mediante decreto, por proposta conxunta da Consellería de Educación e da de Tráballo, logo de informe do Consello Galego de Formación Profesional que terá en conta os criterios establecidos polas consellerías competentes en materia de educación e traballo. Utilizando o mesmo procedemento, o Goberno da Xunta de Galicia poderá transformar os actuais institutos de educación secundaria (IES) e centros de formación ocupacional en centros integrados de formación profesional (FP).



A norma aprobada hoxe polo Consello da Xunta establece que os centros integrados que se creen por transformación de institutos de educación secundaria, nos cinco anos seguintes á entrada en vigor do Real decreto 1558/2005, do 23 de novembro, poderán impartir as ensinanzas de bacharelato, tanto na modalidade ordinaria como na de adultos, sempre que o alumnado destas ensinanzas non represente máis dun terzo do alumnado total do centro. Ademais, este decreto especifica que a Consellería de Educación establecerá a extinción gradual das ensinanzas que deixan de impartirse nos IES que se transforman en centros integrados de FP.

A rede de centros integrados de formación profesional de Galicia obedece á necesidade de abranguer a formación regrada, ocupacional e continua na maioría das familias profesionais, á localización dos centros en relación directa co tecido produtivo, ao aproveitamento da experiencia dos centros pilotos que adiantaron esta tipoloxía de centros e á necesaria reordenación do profesorado e alumnado destas ensinanzas.



A VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR COLABORARÁ CON FEAFES-GALICIA NUN PROGRAMA DE ACTIVIDADES DIARIAS E ATENCIÓN A DOMICILIO NO RURAL PARA PERSOAS DEPENDENTES CON TRASTORNO MENTAL

- *Achegará 450.000 euros para esta iniciativa da que se beneficiarán 150 persoas con trastorno mental grave e 280 familiares*
- *O Consello da Xunta tamén aprobou hoxe o Decreto de creación da residencia de maiores de Larouco*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a Federación de Asociacións de Familiares e Enfermos Mentais de Galicia (FEAFES-GALICIA) mediante o que se desenvolverá un programa de fomento das actividades da vida diaria e da atención a domicilio no medio rural para persoas dependentes con trastorno mental grave.

O obxectivo desta iniciativa, á que a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar achegará 450.000 euros, é prestar a axuda e atención debida a persoas en situación de dependencia que, por mor do illamento ou características especiais do seu lugar de residencia, non poden acceder aos servizos de apoio comunitarios.

O programa derivado do convenio de colaboración incidirá nos autocoidados e na atención das necesidades do fogar mediante talleres de coidados persoais, cociña básica e limpeza doméstica. Tamén se fomentarán as habilidades sociais e o coñecemento básico de formación e emprego para contribuír a unha maior e máis efectiva integración social, unha das finalidades e obxectivos das actividades.

Esta colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e FEAFES-GALICIA nace da loita por defender os dereitos e necesidades das persoas que sofren trastornos mentais, así coma dos seus familiares. Deste xeito, beneficiaranse do programa 150 persoas con discapacidade de toda Galicia, e podería chegar tamén a 280 coidadores informais ou familiares.

O que persegue FEAFES-GALICIA nas 14 asociacións coas que conta por toda a xeografía galega é que os seus máis de 4.000 membros con discapacidade acaden unha autonomía persoal e independencia maiores para conseguir que gocen dunha vida autónoma e normalizada. Neste senso traballa tamén a Vicepresidencia da Xunta, co obxectivo de acadar unha total integración social dos discapacitados que sufran un trastorno mental grave, obxecto para o cal se pon en marcha o programa de fomento das actividades da vida diaria e da atención social a domicilio no medio rural para estas persoas.



Residencia de maiores de Larouco

Por outra parte, o Goberno galego tamén aprobou hoxe a creación da residencia de atención a persoas maiores de Larouco. Este centro supón a habilitación dun total de 80 prazas residenciais públicas, 75 para persoas dependentes e 5 para persoas con autonomía.

A construción e explotación desta residencia, de titularidade pública e xestión indirecta, adxudicouse mediante concurso no ano 2003 á empresa Geriatros S.A., que ten a concesión por 15 anos.



A XUNTA APROBA UN NOVO DECRETO PARA A REHABILITACIÓN NO MEDIO RURAL E NOS CENTROS HISTÓRICOS

- *A Consellería de Vivenda e Solo dará asesoramento técnico gratuito aos propietarios para garantir a calidade da rehabilitación nas vivendas do rural e centros históricos*
- *Créase a Cédula de Calidade na Rehabilitación que será necesaria para obter as subvencións*

O Consello da Xunta aprobou hoxe un novo decreto para a rehabilitación no medio rural e nos centros históricos de vilas e cidades. A Consellería de Vivenda e Solo considera necesario garantir a calidade na rehabilitación das vivendas unifamiliares no medio rural e nas vivendas dos cascos históricos polo que prestará asesoramento técnico gratuito a todos os propietarios antes, durante e ao finalizar as obras de rehabilitación ou de renovación.

Ademais, a Consellería crea a *Cédula de Calidade na Rehabilitación*, cuxa obtención será preceptiva para recibir a subvención. O propietario solicita esta cédula no momento de iniciar a obra, instante en que recibe a primeira visita dos técnicos da Consellería para asesorar ao propietario sobre a rehabilitación ou renovación prevista.

Cando se trate dunha obra que afecte a elementos estruturais do inmovible ou que revista especial importancia para a vivenda, o técnico fará un seguimento das obras e cando estas rematen, comprobarán a calidade das obras de rehabilitación ou renovación que lle permitirá ao propietario obter a subvención.

A Consellería tamén optou por refundir nun mesmo decreto toda a normativa que rexía as axudas de rehabilitación que se outorgan fora das previstas nos plans de vivenda, neste caso do Plan de Vivenda 2005-2008 en vigor, e que ata agora estaban dispersas en tres decretos diferentes: decreto 228/2002 sobre subvencións de rehabilitación de vivendas no medio rural, decreto 295/2002 de axudas para a reconstrución de vivendas no medio rural e decreto 234/2003 sobre subvencións para rehabilitación de inmobles situados en conxuntos históricos. O obxectivo é "reestruturar a dispersa normativa unificando e simplificando nunha sola disposición os criterios e procedementos de axuda", que agora quedan recollidos nun só decreto.

O ámbito de aplicación deste do novo decreto comprende as vivendas do medio rural situadas en entidades de poboación inferiores a 500 habitantes, ou entre 500 e 1.500 habitantes sempre que teñan carácter rural.

Contía das subvencións

O investimento para sufragar estas subvencións será determinado nunha orden anual que a Consellería aprobará en cada exercicio orzamentario, e que para o 2006 ascende a 14,4 millóns de euros.



As axudas por vivenda rehabilitada poden acadar ata o 40% do orzamento executado que figure na Cédula de Calidade de Rehabilitación, e ata o 50% en caso de vivenda unifamiliar no medio rural que coincida con conxunto histórico, como é o caso das vivendas situadas en localidades do Camiño francés de Santiago, cun límite máximo que se establecerá nunha orden anual e que na actualidade acada un máximo de 7.250 euros no caso de renovación ou reconstrución de vivenda e 5.400 euros por vivenda en caso dunha de rehabilitación.

Actuacións subvencionadas

As obras de rehabilitación ou de renovación que teñen acceso a unha axuda son as relacionadas en elementos exteriores da vivenda, de acordo á tipoloxía da zona, como carpintería exterior, cubertas, acabados na fachada. Tamén se subvencionan os elementos estruturais e construtivos, mellora nas condicións de illamento da vivenda e das instalacións en xeral, e todo o relacionado coa mellora na calidade da habitabilidade das vivendas, como as obras dirixidas a adecuar as condicións hixiénico-sanitarias, condicións de ventilación e iluminación ou adaptación da vivenda para uso de persoas con discapacidade, entre outros.

Ámbito de aplicación

No caso de vivendas en conxuntos históricos, poderán beneficiarse as vivendas localizadas en concellos que dispoñan de conxuntos histórico-artísticos declarados, que estean definidos no planeamento o nas normas subsidiarias, que se sitúen en áreas que dispoñan de Plan Especial de Protección e Reforma Interior (PREPI), que a vivenda figure nalgún catálogo de protección oficial ou que se sitúe en localidades polas que discorre o Camiño Francés de Santiago.

Subvencións concedidas para rehabilitación no medio rural e en centros históricos no que vai deste ano:

	Nº subvencións	Nº Concellos	Importe subvencións
A Coruña	660	82	1.923.328,6 euros
Lugo	510	61	1.701.947,12 euros
Ourense	558	75	1.625.484,58 euros
Pontevedra	268	41	866.934,17 euros
TOTAL Galicia	1.996	259	6.117.694,47 euros



EFFECTIVOS DA GARDA CIVIL E DA POLICÍA NACIONAL OCUPARANSE DA VIXILANCIA E PROTECCIÓN DOS EDIFICIOS XUDICIAIS DE GALICIA

- *Así o recolle un convenio que subscribirán a Consellería de Presidencia e o Ministerio de Interior*
- *A Consellería de Presidencia achegará 235.253,45 euros para a súa execución*

A Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza asinará proximamente un convenio co Ministerio de Interior para garantir a seguridade dos edificios xudiciais da Administración de Xustiza en Galicia, logo de ser autorizada a súa sinatura polo Consello da Xunta. O Goberno autonómico asumirá o seu custo cunha partida de 235.253, 45 euros.

Grazas a este convenio estableceranse quendas de vixilancia e protección a partir do vindeiro 15 de setembro nos edificios xudiciais da Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Ferrol, Santiago e Vigo. Estes servizos serán cubertos por efectivos da Garda Civil en situación reserva e do Corpo Nacional de Policía en situación de segunda actividade.

Segundo establece o documento, a Consellería de Presidencia deberá asumir o custo deste servizo mediante unha achega de 235.253,45 euros con cargo aos orzamentos xerais do presente ano. En caso de se prorrogar este servizo ao remate do ano, sempre por un período anual, cargaríase aos orzamentos de 2007. En calquera caso, a achega do Goberno autonómico modularase en función do número de efectivos reais destinados ás misións previstas. A dita consellería comprométese tamén a facilitar os medios e instalacións precisos para o desenvolvemento do labor destes efectivos.

Pola súa parte, o Ministerio de Xustiza constituirá en Galicia estas unidades de vixilancia e protección e determinará, mediante unha instrución, o número de efectivos de cada unha segundo os requirimentos do servizo. As ditas unidades estarán integradas por oficiais, suboficiais, cabos e gardas que dependerán para todos os efectos do xefe da unidade na que estean encadrados, é dicir, do xefe da Garda Civil ou da Policía Nacional na provincia na que estea situada a unidade. Será tamén responsabilidade do ministerio seleccionar o persoal que desenvolverá estes servizos.

Por último, este convenio establece a creación dunha Comisión de Seguimento e unha Comisión Técnica para garantir o seu desenvolvemento. A primeira estará copresidida polo subdelegado do Goberno na Coruña e o director xeral de Xustiza. Como vogais actuarán o xeral xefe da zona de Galicia e o xefe superior da Policía de Galicia en representación do ministerio; por parte da consellería, o subdirector xeral de planificación orzamentaria, medios e novas tecnoloxías e o subdirector xeral de relacións e recursos humanos da Administración de Xustiza.



A Comisión Técnica estará formada polo coronel xefe da Plana Maior da zona de Galicia, o xefe responsable da unidade de vixilancia e protección de edificios da Garda Civil, o xefe da unidade de Coordinación Operativa Territorial do Corpo Nacional de Policía e un membro da escala superior, todos en representación do ministerio. Por parte da Xunta, o subdirector xeral de planificación orzamentaria, medios e novas tecnoloxías, o subdirector xeral de relacións e recursos humanos, o xefe se servizo de informática e novas tecnoloxías e o xefe se servizo de xestión de recursos humanos da Administración de Xustiza.



O IGAPE FACILITARÁ A PROXECTOS INNOVADORES A OBTENCIÓN DE PRÉSTAMOS A TIPOS DE XURO PREFERENTES E CO AVAL DAS SOCIEDADES DE GARANTÍA RECÍPROCA GALEGAS

- *Esta liña de financiamento para pemes habilitará préstamos de entre 25.000 e 120.000 euros sen comisións das entidades e cun xuro do 3,30% no segundo semestre deste ano*
- *O instituto tamén bonificará os xuros de operacións acollidas á liña ICO-CDTI de financiamento de investimentos en desenvolvemento e innovación tecnolóxica*
- *O Consello autorizou igualmente a sinatura dun convenio entre o Igape e as entidades financeiras para habilitar unha liña de financiamento específica para as pemes produtoras de uva*

As pemes que impulsen en Galicia proxectos innovadores poderán dispor de préstamos en condicións preferentes e avalados polas sociedades de garantía recíproca (SGR) galegas. Será a través da liña de financiamento que se creará a partir do convenio que vén de autorizar o Consello da Xunta na súa reunión de hoxe. Achegando compensacións por custos e xestión das operacións financeiras tanto ás entidades financeiras colaboradoras como ás SGR, o instituto dependente da Consellería de Economía e Facenda fará posible a concesión de préstamos por contías entre 25.000 e 120.000 euros en condicións moi favorables: prazo de amortización entre 5 e 7 anos, incluíndo un ano de carencia, con xuros definidos polo Euribor a seis meses + un tipo adicional de 0,25 puntos. Para o segundo semestre de 2006, o xuro nominal será do 3,30%. Por outra banda, nin as entidades financeiras nin as Sociedades de Garantía Recíproca cobrarán comisións aos beneficiarios.

Mediante esta liña de apoio, o Igape habilita unha nova vía de financiamento específico para apoiar proxectos de innovación; o instituto procura deste xeito facilitar o desenvolvemento en Galicia deste tipo de programas impulsados polas pemes, que adoitan atopar dificultades especiais para acceder ao financiamento directo.

Operacións da liña ICO-CDTI, bonificadas polo Igape

Do mesmo xeito, o Consello da Xunta acordou autorizar o Igape para proceder á sinatura dun convenio coas SGR e as entidades financeiras para facilitarlles ás empresas que invistan en Galicia o acceso aos préstamos ou operacións de leasing habilitados na liña creada mediante acordo entre o ICO e o Centro para el Desarrollo Tecnológico Industrial (CDTI) para 2006. Estes apoios están igualmente destinados a facilitar o financiamento de proxectos de investimento en desenvolvemento e innovación tecnolóxica. A bonificación dos xuros polo Igape fai que os investimentos que se van desenvolver en Galicia no marco da Liña ICO-CDTI para a innovación tecnolóxica 2006 poidan ter mellores condicións que os impulsados co apoio desta



mesma liña noutras comunidades do Estado. Neste ámbito, o Igape asinará outro acordo de colaboración co Instituto de Crédito Oficial para definir os termos da colaboración entre ambos organismos para prestar apoio a investimentos en desenvolvemento tecnolóxico en Galicia.

Financiamento para pemes produtoras de uva

No ámbito de colaboración para atender necesidades sectoriais puntuais, o Consello da Xunta autorizou igualmente a sinatura dun convenio entre o Igape e as entidades financeiras para a habilitación dunha liña de financiamento específica para as pemes produtoras de uva. O obxectivo é facilitar o financiamento das canles de distribución da uva cara aos mercados das adegas e demais industrias transformadoras, evitando aos produtores soportar cargas financeiras que poderían deteriorar gravemente a súa economía, e echegándolles maior seguridade xurídica.

O convenio autorizado polo Consello facilitará a creación e posta en marcha dun mecanismo que lles facilite ás pemes produtoras de uva, directamente ou a través das súas asociacións, o financiamento da venda das súas producións mediante o desconto bancario de letras de cambio aceptadas e obrigas de pagamento á orde asinadas polos seus clientes para o pagamento de facturas emitidas dende o 1 de decembro de 2006 a 31 de marzo de 2007. O Igape compensará ás entidades financeiras colaboradoras polos custos financeiros e de xestión que deriven destas operacións.



POLÍTICA TERRITORIAL INVESTIRÁ 1.400.000 EUROS NA URBANIZACIÓN E PAVIMENTACIÓN DO TEMPLO DA VERACRUZ

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes acometerá as obras de urbanización e pavimentación do contorno do templo da Veracruz, na vila ourensá do Carballiño.

Así se recolle no convenio de colaboración que asinarán proximamente a conselleira, María José Caride, e o alcalde, Carlos Montes Marqués, e que hoxe foi autorizado polo Consello da Xunta.

As obras teñen por obxecto o acondicionamento e remodelación do contorno do templo da Veracruz, unha área de algo máis de 8.000 metros cadrados, coa creación dunha gran zona pavimentada, a execución dunha nova rúa -a de Antonio Palacios- e a mellora do trazado e aliñación da rúa Canteiros.

A CPTOPT asumirá a totalidade do custo desta actuación, orzado en 1.408.886 euros, que se distribuirán en tres anualidades, concretamente 284.296,40 euros no presente exercicio, 1.000.358,89 euros en 2007 e os 124.231,08 euros restantes en 2008.

A intervención nesta zona incluírá, así mesmo, a instalación dos servizos urbanísticos de abastecemento de auga e saneamento, subministración eléctrica, iluminación pública e telefonía.

Política Territorial encargárase ademais da redacción do proxecto, así como da contratación, dirección e recepción das obras.

O Concello do Carballiño comprométese, pola súa parte, a poñer á disposición da consellería os terreos necesarios, libres de cargas e co réxime urbanístico axeitado para a execución das obras. Ademais realizará as xestións pertinentes para a obtención de todos os permisos e licenzas necesarias.

Unha vez rematadas as obras de urbanización e pavimentación o concello asumirá a súa explotación e conservación.

Este proxecto pretende acadar un amplo espazo diáfano que sirva de baseamento ao tempo da Veracruz, permitindo a libre visión deste dende o seu propio contorno.

As melloras que se van acometer contribuirán a reforzar a interrelación e a comunicación social do conxunto de habitantes da capital do municipio do Carballiño e do seu ámbito de influencia.



A CONSELLERÍA DE CULTURA DELIMITA O CONTORNO DE PROTECCIÓN DO MOSTEIRO DE SANTA MARÍA DA ARMENTEIRA EN MEIS

- *A medida tómase para incrementar a zona de protección do mosteiro como Ben de Interese Cultural*
- *Trátase do máximo nivel de protección que permite a lexislación galega*

A proposta da Consellería de Cultura, o Consello da Xunta aprobou o decreto polo cal se delimitará o contorno de protección do Mosteiro de Santa María da Armenteira no concello de Meis. O que se pretende é facilitar unha axeitada protección do contorno do mosteiro cisterciense de Santa María da Armenteira, situado na ladeira norte do monte Castrove da comarca do Salnés. Trátase de evitar calquera tipo de agresión a este ben, xa que estamos a falar do máximo nivel de protección dun ben cultural que permite a lexislación galega. Entre as consecuencias desta medida, está a obriga de pedir permiso á Dirección Xeral de Patrimonio para calquera tipo de obra, ben sexa no inmovible ben no seu contorno.

Delimitación do contorno

O contorno de protección do mosteiro comeza no cumio do outeiro da Bouza e segue en liña recta uns 700 metros en dirección sueste ata o cumio da Ventosa, ao leste do núcleo de Vilar. A continuación vai en liña recta uns 350 metros ata o cumio do Outeiro Novo, situado ao leste do mosteiro e prosegue en liña recta en dirección suroeste uns 650 metros ata o cumio do outeiro da Pedreira. Desde aquí, continúa en liña recta en dirección sur uns 250 metros ata o cumio do outeiro de Valdedeus e avanza en liña recta e dirección suroeste uns 850 metros ata a estrada de Pontevedra á Armenteira, no núcleo de Valboa, xusto no cruzamento do camiño á Vacariza. Unha vez alí segue por este camiño ata pasar o caserío da Vacariza uns 300 metros, onde nace unha pista forestal cara a Castiñeira e vai pola devandita pista forestal uns 700 metros ata un punto situado á altura de San Mamede. Finalmente, desde aquí en liña recta uns 1.150 metros únese ao punto de partida, atravesando a estrada da Armenteira a uns 350 metros; quedando así pechada a delimitación do contorno do mosteiro.

A Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, para a delimitación final do contorno de protección do mosteiro de Santa María da Armenteira, baséase en informes recadados de institucións consultivas como son a Comisión Territorial do Patrimonio Histórico de Pontevedra, a Real Academia Galega de Belas Artes e o Consello da Cultura Galega.



A SANIDADE PÚBLICA GALEGA DESTINA PRETO DE 200.000 EUROS Á ASOCIACIÓN ESPAÑOLA DA LOITA CONTRA O CANCRO PARA PREVENIR O TABAQUISMO

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe a sinatura dun convenio entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e a Asociación Española Contra o Cancro (AECC) en Galicia para desenvolver actividades de promoción da vida sen tabaco e tratamentos a fumadores. Para este efecto, serán destinados un total de 192.258 euros neste ano e no 2007.

En concreto, o convenio potenciará actuacións de interese común no eido da prevención do tabaquismo na poboación galega. Entre elas, o deseño e elaboración de campañas informativas tanto da prevención do tabaco como da abordaxe específica da Lei 28/2005 nos sectores afectados.

Tamén se realizará no marco deste convenio a xestión informática e unha análise estatística das enquisas realizadas no ámbito laboral, o asesoramento do plan de formación continuada dos profesionais sanitarios na abordaxe integral do paciente fumador, e avaliaranse os protocolos e guías establecidos polo Plan Galego de Promoción da Vida sen Tabaco, que a Dirección Xeral de Saúde Pública ten en marcha dende o ano 1993.

A Asociación Contra o Cancro en Galicia comprométese en virtude deste convenio a realizar unha atención integral da dependencia do tabaco a un mínimo de 200 fumadores, que recibirán atención de persoal cualificado (médico e psicólogo). Tamén se fará cargo dos gastos derivados da dotación instrumental necesarias destas unidades (medidores de monóxido de carbono en aire expirado, fonendoscopio, tensiómetro, báscula...).

Pola súa parte, a Dirección Xeral de Saúde Pública remitirá directamente aos fumadores os materiais informativos do programa, os test de avaliación da dependencia e motivación, e tamén xestionará a cita da primeira consulta nos locais da Asociación Española Contra o Cancro.

Ampliación de crédito

Doutra banda, o Consello da Xunta de Galicia aprobou unha addenda de 600.000 euros ao contrato - programa entre o Servizo Galego de Saúde e a Sociedade Pública Autónoma Instituto Galego de Medicina Técnica S.A. (Medtec). Con esta ampliación de recursos económicos, o devandito instituto terá unha achega total de 22.792.009 euros para este ano.



En concreto, a addenda é relativa aos módulos que especifican a actividade que vai realizar o Medtec, ás fórmulas especiais de colaboración con recursos humanos nas áreas de servizos compartidos, e aos servizos de consultoría.



O CONSELLO CONSULTIVO RECIBIU EN 2005 UN TOTAL DE 921 EXPEDIENTES PARA DITAMINAR

- *En relación ás materias, 29 foron de carácter xeral; 890 de actuación administrativa e 2 de consultas de disposicións xerais*

O Consello da Xunta foi informado hoxe da Memoria de Actividades do Consello Consultivo de Galicia, correspondente ao ano 2005. No documento destácase que o orzamento do organismo durante o devandito exercicio foi de 1.508.291 euros, o que supuxo unha diminución dun 15,18% respecto ao anterior.

O informe recolle que durante o período comprendido entre xaneiro e decembro de 2005 solicitouse o parecer do Consello Consultivo de Galicia en relación con 921 expedientes, correspondendo 919 a ditames preceptivos e 2 a consultas.

En relación ás materias sobre as que se pediu o ditame do Consello, 29 foron de carácter xeral, 890 de actuación administrativa e 2 foron consultas sobre actuación administrativa ou disposicións xerais.

No que se refire ás procedencias dos ditames, que sumaron un total de 921, sinálase que 690 proviñeron da Administración autonómica; 229 da Administración local; 1 da Administración universitaria e 1 do Colexio Avogados da Coruña.

En relación ás da Administración autonómica, indícase a continuación o cadro detallado dos departamentos que solicitaron ditames (Inclúense dous cadros porque se diferencian as peticións feitas en data previa ao Decreto do 4 de agosto de 2005 no que se fixou a estrutura orgánica da Xunta de Galicia).

Administración autonómica (antes do Decreto 211/2005, do 4 de agosto)	
Consellería de Presidencia, Relacións Institucionais e Administracións Públicas	5
Consellería de Agricultura e Política Agroalimentaria	2
Consellería de Economía e Facenda	7
Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado	4
Consellería de Innovación, Industria e Comercio	1
Consellería de Medio Ambiente	171
Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos	7
Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda	83
Consellería de Sanidade	162
Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local	25
Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo	2
Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais	3
Ente Público Portos de Galicia	6
Total	478



Peticións da Xunta, con posterioridade ao Decreto

Presidencia da Xunta de Galicia	1
Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar	3
Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza	7
Consellería do Medio Rural	1
Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible	91
Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos	11
Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transporte	29
Consellería de Sanidade	68
Consellería de Cultura e Deporte	1
Total	212

O informe tamén destaca as conclusións ou sentido dos ditames, xa que en 744 casos foron favorables e en 142 desfavorables. Ademais sinala que 33 dos expedientes examinados foron acordos de devolución e 2 remataron en outros termos. Destas decisións 584 foron comunicadas aos órganos solicitantes e 337 non.

Sínálase, así mesmo, que 11 dos expedientes tramitados fixérono polo trámite de urxencia, que acurta, cando menos, á metade o prazo xeral dun mes establecido para a emisión dos ditames. Concretamente, 9 corresponden a proxectos de decretos, un a unha revisión de oficio e outro a un contrato administrativo.

Actividade nunha década

Neste ano realizouse tamén unha nova edición dos ditames emitidos ao longo de 2005, que se distribuíu de forma gratuíta entre entidades públicas e privadas do máis variado ámbito de actuación.

Lembra tamén a información publicada na web, posta en marcha en 2002. Esta páxina ofrece ademais da información xeral referida á entidade, organización, sede, servizos e enderezos de interese a posibilidade de consultar os ditames emitidos desde o ano 1996, chegando nestes momentos a case 6.000 rexistros en galego.

O documento informa dos informes e ditames realizados por este organismo nos últimos dez anos.

Ano	Número de ditames
1996	110
1997	168
1998	266
1999	332
2000	566



2001	814
2002	819
2003	929
2004	768
2005	921

Destes datos depréndese que a actividade consultiva deste órgano medrou neste período un 837% o que supuxo unha atención e dedicación dos medios humanos e materiais igualmente crecentes.

A memoria do Consello Consultivo recolle tamén unha serie de observacións sobre a reforma do Estatuto de autonomía, unha petición feita polo presidente da Xunta a este órgano no mes de outubro de 2005.



O MARCO ESTRATÉXICO DE CONVERXENCIA ECONÓMICA DE GALICIA RECOLLE A REORIENTACIÓN DA UTILIZACIÓN DOS FONDOS COMUNITARIOS 2007-2013

- *A reorientación na nova xeración de programas estará baseada nas oportunidades que ofrece a sociedade do coñecemento e a formación do capital humano*
- *O Mecega 2007-2013 é o instrumento de planificación a medio e longo prazo dos fondos europeos e recolle as principais propostas da Xunta*
- *O obxectivo final é o máximo aproveitamento dos recursos comunitarios cara a acadar a converxencia en termos de crecemento e emprego*

Cambiar a tendencia da economía galega e converxer en termos de crecemento e emprego grazas ao fomento dunha economía baseada no coñecemento é o obxectivo global do Marco Estratéxico de Convergencia Económica de Galicia 2007-2013 (Mecega). O documento, concibido como instrumento de planificación a medio e longo prazo foi presentado hoxe no Consello da Xunta polo conselleiro de Economía e Facenda, José Ramón Fernández Antonio, responsable da súa elaboración.

A importancia para a nosa Comunidade do novo período de fondos comunitarios, o que comprende o período 2007-2013, fai imprescindible unha boa planificación dos recursos, que sumarán un total de 3.619,72 millóns de euros, e unha mellor xestión dos mesmos. O Goberno Galego ten a firme intención de sacar o máximo beneficio dos fondos que lle corresponden a Galicia como Rexión Obxectivo Convergencia durante o devandito período. Galicia debe aproveitar esta oportunidade para avanzar cara a unha converxencia que a equipare coas rexións europeas máis desenvolvidas. Convergencia en parámetros de renda e riqueza, pero tamén en indicadores de benestar e desenvolvemento no seu máis amplo sentido.

Por esta razón, a Xunta de Galicia imprimirá un novo enfoque ao destino dos fondos procedentes de Bruxelas, poñendo a énfase no aumento da competitividade económica e empresarial, na incorporación ás novas tecnoloxías e á sociedade da información, e na creación de emprego de calidade. O novo modelo de crecemento da economía galega ten como obxectivo acadar un desenvolvemento económico equilibrado e sostible. En consonancia con iso, o Mecega recolle como proposta de obxectivos para os programas operativos do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) e o do Fondo Social Europeo (FSE) o de impulsar e dinamizar a economía rexional facendo de Galicia un lugar máis atractivo para investir e traballar; aumentar a cohesión social e territorial de Galicia mellorando os niveis de cualificación, a calidade do emprego e a inclusión social; incrementar a competitividade do tecido produtivo galego a través do coñecemento e a innovación; e reforzar a sinerxia entre crecemento e desenvolvemento sostible.



Así, entre os eixes prioritarios do Feder que recolle o Mecega figuran o desenvolvemento da economía do coñecemento (I+D+i, Educación, Sociedade da Información e TIC); a innovación empresarial; o medio ambiente, contorno natural, recursos hídricos e prevención de riscos; o transporte e enerxía; o desenvolvemento sostible local e urbano; e os investimentos en infraestruturas sociais.

Pola súa banda, no ámbito do Fondo Social Europeo, os eixes prioritarios son o fomento do espírito empresarial e mellora da adaptabilidade de traballadores, empresas e empresarios; o fomento da empregabilidade, a inclusión social e a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres; o aumento e mellora do capital humano; e a cooperación transnacional e interrexional.



GALICIA AVANZA NA CONVERXENCIA EN TAXAS DE EMPREGO CO ESTADO AO REDUCIR NO QUE VAI DE ANO NUN 13,1% O SEU PESO NO PARO ESTATAL

- *Nos primeiros oito meses do ano, que supoñen o período consecutivo no que se rexistrou a maior redución porcentual do paro dos últimos cinco anos, Galicia diminuíu 23.407 demandantes máis que a media estatal*
- *Segundo os datos recollidos no informe a Evolución do Paro no Último Ano, elaborado pola Consellería de Traballo, o desemprego descendeu en Galicia nun 6,9% con respecto a agosto de 2005, o que supón a maior redución do último lustro*
- *Do informe pódese extraer que se está a equilibrar a porcentaxe de redución do paro entre homes e mulleres, xa que a baixada do paro feminino está a 9 puntos do seu peso no conxunto do paro, cando en 2005 estaban a 55*
- *As políticas activas da Consellería de Traballo contemplarán como grupo obxectivo aos demandantes de longa duración para establecer procedementos que permitan incrementar o seu nivel de competencia, xa que catro de cada dez parados levan máis dun ano inscritos como demandantes*

O conselleiro de Traballo, Ricardo Varela, presentou esta mañá ao Consello da Xunta, un informe sobre a Evolución do Emprego no Último Ano, no que se analiza o comportamento do paro rexistrado correspondente ao período comprendido entre setembro de 2005 e agosto de 2006. O informe, elaborado polo seu departamento a través da recompilación dos datos e información recollida nas oficinas de emprego do Servizo Galego de Colocación, baséase na análise da evolución internaual, é dicir de cada mes con respecto ao mesmo mes do ano anterior, o que permite eliminar os factores estacionais do mercado laboral.

Tal e como se recolle no informe en cada un dos últimos doce meses prodúcese unha redución importante tanto en termos absolutos como porcentuais, polo que a diminución do paro parece consolidada dado que a súa evolución é constante e progresiva. Así, xaneiro de 2006 é o mes onde se acadou a cifra de paro máis alta destes últimos doce meses con 181.401 parados, mentres que no mes de agosto de 2006 acadouse a máis baixa con 146.388, debido a que se rexistrou a máxima redución deste ano con case 11.000 parados menos que en agosto de 2005, o que supón un descenso do 6,9%. Á vista deste dato pódese concluír ademais que o paro rexistrado en agosto de 2006 supón a cifra máis baixa dos últimos cinco anos.

En comparación co mes de agosto de 2005, Galicia representa o 30,8% do conxunto da redución rexistrada no Estado. Mentres Galicia descende en 10.907 demandantes, o conxunto do Estado faíno en 35.433. Prodúcese así unha converxencia bruta de 8.147 demandantes, multiplicando por catro o descenso estatal.



Así, os resultados interanuais do mes de agosto ratifican a tendencia á converxencia de Galicia co Estado, xa que dende decembro de 2005 Galicia reduciu o seu peso na media estatal nun 13,1%. Esta converxencia implica a redución de 23.407 demandantes de emprego máis que a media estatal, o que provoca que Galicia estea nos últimos meses entre as tres comunidades autónomas que tiveron un meirande descenso do paro rexistrado.

O informe analiza ademais a evolución do desemprego por idades e sexo. Así dos 146.388 demandantes inscritos nas oficinas de emprego galegas en agosto deste ano, o 9,8% son menores de 25 anos e o 63,8% son mulleres. Destaca neste mes o descenso dos menores de 25 anos que é moi superior ao seu peso no conxunto do paro, xa que representando o 9,8% dos inscritos, o descenso de 3.295 supón o 30,2% do total da redución. Sen embargo, os maiores de 45 anos son o grupo que mostra un peor comportamento, xa que a súa redución é dun 0,7% incrementándose o desemprego das mulleres deste grupo de idade nun 1,7%, por elo a Consellería de Traballo incrementará as súas actuacións dirixidas a este grupo de idade tanto con medidas de mellora da ocupabilidade como de fomento do emprego.

Por sexos o estudo conclúe que se está a equilibrar a porcentaxe de baixada entre homes e mulleres, xa que mentres que en agosto de 2005, en relación co mesmo mes de 2004, as mulleres representaron o 8,7% do total da redución do paro (só houbo 364 mulleres menos dun total de 4.193 parados menos), neste último mes recórtase drasticamente esa diferenza xa que pasan a representar o 54,9% da redución (hai 5.989 desempregadas menos dun descenso total de 10.907 demandantes). Con elo, as mulleres están a 9 puntos do seu peso no conxunto do paro que alcanza o 64%, cando o ano anterior estaban a 55 puntos.

Nese senso, a Xunta continuará incidindo en políticas activas de discriminación positiva en busca da igualdade, especialmente na incorporación de mulleres naquelas ocupacións nas que están subrepresentadas.

Outro das variables que ten en conta a análise do desemprego en Galicia é o tempo de permanencia en desemprego, así na nosa comunidade rexístranse un total de 63.083 demandantes que levan máis dun ano no paro, é dicir, algo máis de catro (4,3) de cada dez. Por iso, as políticas activas da Consellería de Traballo terán en conta esta realidade establecendo como un dos seus grupos obxectivo os demandantes de longa duración para establecer procedementos que permitan incrementar o seu nivel de competencia.

En canto aos sectores productivos, en relación con agosto de 2005, o paro descende en todos os sectores, agás no primario que ten un incremento do 2%, destaca o



colectivo “sen emprego anterior” (-12,9%), a construción (-10,9%) e a industria (8,3%). Os servizos tamén experimentan unha redución do 4,5%.

Por provincias, a redución sobre agosto de 2005 é especialmente importante na provincia de Lugo, xa que se produce unha baixada de 1.372 persoas (o 8,7%) e en Pontevedra, se reduce en 4.542 demandantes (o 7,9%). Na Coruña rexistrouse un total de 3.881 demandantes menos (6%), e, por último, en Ourense a baixada foi de 1.112 o que supón unha redución do 5,6%.

Para poder afondar en políticas concertadas de cara a mellorar os problemas do emprego de Galicia, as Mesas de Diálogo Social, que tratan sobre as políticas de emprego, e que xa teñen acadado acordos como a Creación do Instituto Galego de Saúde Laboral ou o Plano estratéxico de Prevención de Riscos Laborais, poderán presentar en breve novos resultados en relación co Novo Modelo de Servizo Público de Emprego, a Nova Planificación da Formación Ocupacional, a Lei de Representación Institucional, a Lei do Consello Galego de Relacións Laborais, e Novas medidas de Políticas Activas e Fomento do Emprego.

Evolución da contratación indefinida

No informe elaborado polo departamento que dirixe Ricardo Varela analízase así mesmo a evolución da contratación neste último ano, establecendo dous períodos de análise, un entre setembro e xuño e outro de xullo e agosto, xa que este último permite comprobar a incidencia do Real Decreto - Lei 5/2006 do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, no que se establecen medidas de impulso da contratación indefinida, que entrou en vigor o 9 de xuño deste ano.

Así, aínda que se aprecia un forte incremento da contratación indefinida, esta segue a ser, segundo se apunta no estudo, insuficiente. Neste senso, mentres que entre setembro de 2004 e xuño de 2005 se rexistraron 56.360 contratos indefinidos ou transformacións en indefinidos, entre setembro de 2005 e xuño de 2006 incrementábase esa cifra en 5.736 ata acadar os 62.096 contratos indefinidos, o que supón un incremento porcentual do 10,18%.

Nos meses de xullo e agosto de 2006 apréciase un forte incremento da contratación indefinida que acada o 31,22% sobre os mesmos meses do ano anterior. Neste incremento apréciase a repercusión, segundo o informe, tanto do mencionado Real Decreto como da aplicación das medidas de fomento da estabilidade adoptadas pola Consellería de Traballo como a os pactos de estabilidade nos sectores agrogandeiro e forestal, téxtil e da confección, hostalería e comercio polo miúdo e construción, as Dez Medidas Urxentes para o Emprego da Mocidade, ou as diferentes medidas de fomento do emprego e da contratación indefinida.



CONSELLO DA XUNTA ESTUDA UN INFORME SOBRE A XESTIÓN E AS ACTUACIÓNS DE MEDIO AMBIENTE NESTA ÚLTIMA SEMANA PARA AFRONTAR O VERTIDO DO UMIA E REESTABLECER O ABASTECIMENTO DE AUGA

- *O conselleiro de Medio Ambiente presentou un documento cos medios e as medidas que se acometeron dende o primeiro día, no que se constituíu un gabinete de coordinación na zona onde se produciu a contaminación*
- *O subministro de auga potable ás poboacións de Vilagarcía e a comarca do Salnés quedará normalizado mañá, unha semana despois de producirse o incendio dunha empresa de produtos químicos en Caldas de Reis*
- *A gran mancha provocada polo vertido tóxico estase a converter en auga totalmente apta para o consumo despois de pasar por un complexo sistema de balsas nas que é sometida a un tratamento químico*

O conselleiro de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, Manuel Vázquez, informou hoxe ao Consello da Xunta sobre a xestión realizada polo seu departamento a consecuencia do incendio da empresa de produtos químicos, Brenntag, en Caldas de Reis, e o vertido tóxico ao Umia, que se produciu hai unha semana. Vázquez relatou as medidas adoptadas dende o primeiro momento, no que xa se constituíu un gabinete de coordinación na propia localidade onde tivo lugar o suceso e no que se está a analizar a evolución dos traballos de recuperación do río. Resaltou o amplo operativo posto en marcha que, amais de evitar que a contaminación chegara á ría de Arousa, tivo como obxectivo principal manter por vías alternativas o subministro de auga potable á Vilagarcía e a comarca do Salnés, cunha poboación de máis de 100.000 habitantes, que se abastecía ata o pasado venres do río Umia.

O conselleiro de Medio Ambiente expuxo que ao longo desta noite quedará restablecido o servizo de abastecemento, grazas á construción dunha canalización de 17 quilómetros de lonxitude, para o que se contou coa colaboración de sete empresas galegas (Espina e Delfín, Tragsa, Copasa, Taboada e Ramos, Fergo Galicia, Movex Vial e Construcciones Sangiao). Baixo a coordinación do director xeral de Augas de Galicia, traballaron día e noite para conseguir ter lista esta infraestrutura nun tempo record, grazas a un operativo formado por un centenar de operarios e máis de 50 de vehículos maquinaria pesada.

No que respecta aos traballos para o control e a redacción da contaminación do vertido do río Umia construíronse tres diques de contención, augas abaixo do vertido tóxico, para cortar o río e frear así a mancha. Grazas a un complexo sistema de filtros químicos e balsas de depuración logrouse descontaminar a mancha a medida que foi chegando ao primeiro dos diques, no lugar de As Aceñas. Todo o amplo operativo de análises en continuo, que permitiron tomar as decisións axeitadas en cada momento,



confirma que nestes momentos a auga procedente do vertido está, unha vez tratada nas balsas de decantación, en perfectas condicións para o consumo.

Paralelamente desenvolveuse unha intensa labor no río para manter a salvo do vertido a fauna piscícola nos tramos do río que non foron contaminados.

Todas estas actuacións destinadas á descontaminación e limpeza do Umia foron coordinadas e dirixidas *in situ* polos directores xerais de Desenvolvemento Sostible, Emilio Fernández; de Calidade e Avaliación Ambiental, Joaquin Buergo; e de Conservación da Natureza, Xosé Benito Reza.

Investigadores do Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC) e da Universidade de Santiago, que participaron nas labores de recuperación do río e terreos afectados polo desastre de Aznalcóllar nas inmediacións do Parque Nacional de Doñana, elaboran agora un plan de rexeneración do tramo contaminado do Umia.